

## **DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. CURSO 2023-24**

### **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO,**

### **RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

*Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

*Artigo 51. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.*

### **PLAN DE REFORZO - 1º ESO**

a) **ALUMNO/A:**

**Curso e grupo actual:**

**Curso da materia pendente:**

## **b) INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A MATERIA:**

Na materia de Lingua Galega e Literatura, 1º ESO dividimos os contidos da seguinte maneira:

### **1ª avaliación:**

- o Acentuación. Til diacrítico. Ditongos e hiatos. Sílabas tónicas e átonas.
- o Sinonimos, contrarios, palabras polisémicas, homófonas e homónimas.
- o Familias léxicas e relacións semánticas semánticas.
- o Substantivo: xénero e número. Substantivos propios/ comúns, concretos/abstractos, individuais/colectivos...
- o O Adxectivo.
- o Os Determinantes. ( artigos, demostrativos, indefinidos, numerais...)
- o Vocabulario do corpo humano.
- o Uso de i, ll e x. Uso de b e v.

### **2ª avaliación:**

- o Verbos: paradigmas verbos regulares e irregulares.
- o Pronomes persoais. Tónicos e átonos.
- o Sufixos e prefixos. Palabras simples, derivadas e compostas.
- o Castelanismos léxicos e préstamos.
- o Vocabulario de os sentimentos e a personalidade.
- o Palabras con es- e con ex-. Uso do h.
- o Adverbios, Preposicións e Conxuncións.

### **3ª avaliación:**

- o Comentario un texto narrativo (conto, lenda ou novela) con preguntas guiadas.( estrutura, narrador, espazo, tempo...).
- o Análise dunha noticia.
- o Redacción.
- o Resumo.

**Avaliación final:** Recuperación da parte ou partes non superadas.

### **c) CURRÍCULO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os obxectivos, mínimos esixibles competencias e criterios de cualificación das materias pendentes son os mesmos cós dos seus correspondentes cursos a cuxos apartados da Programación xeral da materia nos remitimos, podendo consultala na páxina *web* do centro.

#### **1. Probas escritas (1 por avaliación): 50%**

Caderniños que conterán exercicios de comprensión, análise e produción textual, funcionamento da lingua, Lingua e sociedade e Literatura.

#### **2. Libro de lectura (1 por avaliación): 25%**

Fixaranse os títulos das obras literarias ao comezo de curso. Realizarase unha proba tipo test nas datas fixadas na aula virtual.

Os libros elixidos nos trimestres son:

- o 1º trimestre: Chamádeme Simbad, Francisco Castro.
- o 2º trimestre: Cando petan na porta pola noite, Xabier P. Docampo.
- o 3º trimestre: Unha estrela no vento, Andrea Maceiras.

#### **3. Proba de expresión oral en lingua galega (1 por avaliación): 25%.**

A proba realizarase nunha tarefa creada na aula virtual, a través da cal o alumnado deberá mandar un vídeo de 2/3 minutos seguindo as instrucións establecidas pola e o modelo de 2º da ESO, para facilitar a realización desta. A diferenza entre ambas radica no tempo da proba (menor para a avaliación da materia de pendentes e no tema libre do que poderán falar.

#### **Criterios ortográficos:**

As faltas de ortografía cometidas en traballos, textos de creación, etc, terán a penalización (ata un máximo de 1 punto) segundo o seguinte criterio:

Moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico do galego: tempos compostos, incorrecta colocación dos pronomes átonos, etc. Descontaranse 0,2 puntos

Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística: acentuación diacrítica, b/v, h, y, etc. Descontaranse 0,1 puntos.

Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente, acentuación non diacrítica, Descontaranse 0,05 ptos.

Calquera proba poderá considerarse suspensa (e nese caso terá unha cualificación de 0 puntos) se hai constancia de que o alumno/a copiou, permitiu que outros/as copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados (propios ou alleos) mediante procedementos inapropiados.

A profesora tamén poderá rexeitar un traballo ou exercicio se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible; neste caso quedará ó seu criterio a repetición da proba ou a súa substitución por unha proba oral. Tamén se poderá descontar ata un máximo de -0,5 puntos por deficiencias de calquera outro tipo na presentación.

#### **d) METODOLOXÍA**

A profesora que imparte a materia de Lingua Galega no curso no que o alumno/a a ten pendente entregaralle o *caderniño de tarefas* que debe devolver cuberto en cada avaliación e indicarlle cando se realizará a proba do libro.

Todas e cada unha das datas estarán expostas no curso da aula virtual que se creará para este fin co nome LINGUA GALEGA 1º ESO PENDENTE.

#### **e) RECURSOS**

Aula Virtual, Biblioteca, libros de texto...

Na aula virtual do centro colgarase resumos de todos os contidos que entrarán en cada avaliación durante o mes de setembro. Ao longo deste 1º mes toda a información de pendentes estará xa á súa disposición ao igual que as datas importantes de entrega e celebración de probas.

#### **f) TAREFAS E TEMPORIZACIÓN**

Trátase de 3 caderniños por avaliación + 1 de avaliación final que se irán entregando ao longo do curso para facer o seguimento debendo ser entregados nestas datas:

1ª avaliación – Data de entrega: 25 de novembro de 2023

2ª avaliación – Data de entrega: 1 de marzo de 2024

3ª avaliación – Data de entrega: 31 de maio de 2024

Avaliación final – Data de entrega: 16 de xuño de 2024

Para facilitar a entrega do material ao alumnado elixiremos as mesmas datas como data límite para que elas ou eles poidan entregar as gravacións correspondentes á proba oral.

**g) SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

**h) ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA**

**Hora de atención a familias e alumnado:**

O alumnado con materias pendentes e os seus pais terán á súa disposición a Xefa do Departamento todos os **VENRES ÁS 17:45** previa petición de cita.

( Cortar pola liña de puntos e devolver asinado)

.....  
Don/Dona \_\_\_\_\_, pai/nai/representante legal do  
alumno/a \_\_\_\_\_ acredita ter coñecemento do Plan de  
Reforzo para o seguimento, recuperación e avaliación da materia LINGUA GALEGA E LITERATURA, 1º ESO  
durante o curso 2023-24.

Sinatura

Noia \_\_\_\_ de Outubro 2023